



Eleccións Consello Escolar 2022

PALABRAS CLAVE NUNHAS ELECCIÓN

CONSELLO ESCOLAR	É un órgano colexiado de goberno do centro a través do cal participan na súa xestión os distintos membros da comunidade escolar.
ÓRGANO CONVOCANTE	A Consellería de Educación, en Resolución do 19 de setembro de 2022 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, publicada no DOG do venres 30 setembro 2022.
ELECCIÓN	Celébranse cada dous anos para renovar ao membros do Consello
XUNTA ELECTORAL	É un órgano que organiza as eleccións, e está formado por: -O director/a que exerce como presidente -Unha profesora/or que exerce como secretaria/o por sorteo -Unha nai/un pai de alumnado do centro, por sorteo -Unha alumna ou alumno, por sorteo -Un representante do persoal administración e servizos (PAS), por sorteo
CENSO ELECTORAL	É unha lista das persoas que poden votar nas eleccións: -Profesorado: todos agás o profesorado substituto -Pais e nais ou titores legais do alumnado matriculado -Alumnado matriculado no centro -Todo o persoal non docente destinado no centro
CANDIDATAS/OS	Todos os traballadores do centro, o alumnado matriculado e os seus pais e nais ou titores legais que voluntariamente queiran presentar a súa candidatura para representar ao respectivos sectores. Nestas eleccións, no IES RICARDO MELLA, haberá que elixir a: -3 profesoras/es -1 nai ou pai (máis o designado pola ANPA do centro) -4 alumnas/os -1 persoal de administración e servizos
MESA ELECTORAL	Son os membros elixidos por sorteo, encargados de presidir a votación, conservar a orde, velar que voten os incluídos nos respectivos censos, realizar o escrutinio (contar os votos) e levantar acta: MESA PAIS NAIS: Director do Centro e catro pais/nais por sorteo MESA ALUMNADO: Director Centro e dous alumnas/os por sorteo MESA PAS: Director e Secretaria do Centro, e un representante PAS (a persoa de maior idade).
SUPERVISORAS/ES	Vixían o traballo das mesas electorais. Poder ser aqueles propostos pola ANPA ou Asociación de Alumnado ou aqueles avalados por sinaturas de 10 electores.



Eleccións

Consello Escolar

Novembro-2022

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 30/09), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. Ao abeiro do artigo artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **CATRO alumnas ou alumnos**, dun total de 4 que debe ter o Consello Escolar.

2. Son electores todo o alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir da presente data está exposto no taboleiro de anuncios.

3. **As candidaturas poderán ser presentadas do 11 de novembro ata as 13:00 horas do día 18 de novembro** na secretaría do centro, cumprimentando o impreso a tal efecto dispoñible na conserxería ou na nosa páxina web

4. A mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e dous alumnas/os, designados por sorteo (a xunta electoral deberá prevelo nomeamento de suplentes, designados tamén por sorteo), actuando de secretaria/o o de menor idade (art. 44 Decreto 92/1988)

5. Cada electora/or fará constar na papeleta das eleccións **un máximo de TRES** nomes da lista de candidatas/os.

6. O voto será directo, secreto e non delegable.

7. As votacións realizaranse no IES **o martes 29 de novembro, de 10:00 a 14:00 h**, en horario de mañá e de 18:00 a 20:00 h, en horario de tarde-noite. Cada elector deberá acreditar a súa personalidade mediante a presentación do documento nacional de identidade ou calquera outro documento acreditativo. Poderán actuar como supervisores da votación o alumnado que sexa avalado pola sinatura de dez electores.

8. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro

9. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Vigo, 10 de novembro de 2022
O PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Manuel Arias Real